



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 (Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo).

Aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas pola Resolución do 5 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, corrección de erros do 6 de xuño e do 12 de xuño, e dado que en varias especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres foi nomeado máis dun tribunal e ademais no corpo de mestres nalgunhas especialidades non hai tribunal en todas as localidades solicitadas ou, aínda actuando o tribunal na localidade solicitada, algúns opositores resultan adscritos a un tribunal de localidade diferente, procede determinar as persoas aspirantes que corresponde xulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a asignación aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos na base primeira, punto 5 da citada orde de convocatoria.

Segundo. Ordenar a publicación da asignación de persoas aspirantes aos distintos tribunais no portal de Internet da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo www.edu.xunta.gal.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez

